

Programación da biblioteca Saturnino Hermida

**IES CONCEPCIÓN ARENAL
CURSO 2024-2025**

ÍNDICE

1. Introducción

2. Obxectivos

3. Contidos

4. Actividades

5. Organización e funcionamento

6. Avaliación

7. Responsable, equipo de apoio e horario previsto

1. Introdución

A biblioteca do IES Concepción Arenal "Saturnino Hermida" concíbese como un espazo de recursos dinámico, actualizado, organizado e atendido durante todo o curso. É un lugar de encontros, estudo e lecer e asemade unha ferramenta e recurso imprescindible ao servizo do conxunto da comunidade educativa. Pretende fomentar o hábito lector así como a aprendizaxe, ofrecer oportunidades de creación e utilización da información, facilitar o acceso aos recursos e á información.

Desde o curso 2010- 2011, estamos vinculados ao Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE), o que nos permite mellorar e incrementar os nosos fondos e as instalacións así como formar e coordinar ao equipo de profesores colaboradores mediante reunións e actuacións conxuntas que se levan a cabo durante todo o curso escolar.

Ademais das habituais funcións de espazo de préstamos e centro de documentación e estudo, a biblioteca enténdese como un servizo do centro no que se reúnen, organizan e usan os recursos documentais necesarios para a aprendizaxe do alumnado, a adquisición de hábitos lectores e a formación no uso da información. Tamén debe ser un espazo de integración e compensación social, actuando como espazo de estudo e de lecer, aberto a todo o alumnado e tamén ás súas familias.

Este curso, seguiremos a manter as normas de hixiene propias deste espazo e realizaremos a ventilación da sala despois dos recreos.

2. Obxectivos:

1. Xerais:

- ✎ Dotar á biblioteca de forma permanente de recursos actualizados e variados, apropiados e suficientes para o seu funcionamento.
- ✎ Crear un grupo de alumnos/as axudantes da biblioteca, que levan tarefas sinxelas coas que se busca establecer un vínculo entre a biblioteca e o alumnado
- ✎ Manter a disposición do usuario/a da biblioteca previo apuntamento os **xogos manipulativos, xogos de mesa, xadrez...**.
- ✎ Eliminar os documentos das coleccións da biblioteca que polas súas características non aconsellen a súa conservación na mesma, por ser material obsoleto e deste xeito tamén gañar espazo.
- ✎ Actualizar o plan anual de lectura a comezos de curso seguindo as indicacións dos diferentes departamentos.
- ✎ En coordinación coa Dirección do Centro organizar o horario de apertura, o horario de dedicación de cada un dos membros do Equipo de Apoio, e as reunións de principio de curso para dar a coñecer a biblioteca. Posteriormente manter a vinculación coa dirección por medio de reunións coa vicedirección para organizar actividades e lograr a participación da biblioteca nos diversos proxectos do Centro.

- ✎ Elaborar un plan de adquisición de fondos, atendendo as peticións dos distintos departamentos, do Club de Lectura e as suxestións dos ciclos e dos alumnos, adquirindo prioritariamente materiais que traten a atención á diversidade, a multiculturalidade, as diversas linguas e faciliten as titorías e apoiem a formación académica. Teremos tamén en conta as novidades tecnolóxicas: Realidade aumentada, realidade virtual, transmedia.
- ✎ Dar pulo ao uso das novas tecnoloxías para a adquisición de información, e educar na súa correcta utilización. Procurar que estas estean ao alcance de todo o alumnado, poñendo a disposición de este os postos informáticos durante todo o horario de apertura.
- ✎ Custodiar e poñer en valor os distintos materiais elaborados por alumnos e profesores: presentacións, exposicións, coleccións de fotografías, monografías, etc. Informarase mediante o blog das novidades e outras redes sociais.
- ✎ Proporcionar un continuo apoio ao programa de ensino-aprendizaxe, tendo en conta os obxectivos do Proxecto Educativo, así como a Programación Xeral Anual.
- ✎ Fomentar o hábito lector, a aprendizaxe e o uso das bibliotecas a través dos profesores e titores, vinculando a aula coa biblioteca mediante actividades conxuntas.
- ✎ Facer accesible a toda a comunidade educativa a utilización da biblioteca con finalidade informativa, recreativa e de educación permanente.
- ✎ Publicitar as actividades da biblioteca mediante distintos medios: correo electrónico, redes sociais como Twitter ou Instagram información a través de carteis colocados nos taboleiros específicos que hai na sala de profesores e nas aulas, blogue, taboleiro de novidades da biblioteca, pantalla que está no vestíbulo do Centro.
- ✎ Organizar actividades de carácter social e cultural, se é posible.
- ✎ Participar nun programa de educación emocional e xestión do estrés en colaboración co equipo directivo / orientación e ANPA, se é posible.
- ✎ Respetar as normas de convivencia da biblioteca.
- ✎ Dotar ao alumnado das capacidades básicas para usar os recursos e servizos da biblioteca, xa que o que aprenden como usuarios da súa biblioteca escolar é extrapolable ás bibliotecas que utilizarán no futuro.
- ✎ Incrementar o interese e o gusto pola lectura, como expresión do coñecemento e da cultura.
- ✎ Incentivar a elaboración de creacións orixinais.
- ✎ Favorecer a implicación do alumnado nas distintas actividades.
- ✎ Seguir a impulsar e actualizar o blog como medio fundamental para chegar a toda a comunidade educativa.

- ✎ En datas sinaladas realizar trípticos, boletíns, publicacións informativas, presentacións e exposicións para dar a coñecer os fondos cos que conta a biblioteca en relación a determinados temas ou escritores.
- ✎ Asemade, celebrar as distintas efemérides. Este curso, seguiremos a realizar **celebracións "dixitais"** mediante vídeos, fotos, solicitando a participación da comunidade educativa.
- ✎ Seguir informando aos nosos usuarios/as co apartado na web (creado o curso pasado) de información cultural da zona.
- ✎ Apoiar a todos aqueles que queiran empregar unha metodoloxía mais activa e participativa, que fomente a autonomía do alumnado convertendo a este en protagonista da súa propia aprendizaxe, atendendo especialmente a aqueles que queiran traballar por proxectos.
- ✎ Informar aos profesores e ao alumnado sobre o sistema de organización dos fondos.
- ✎ Establecer un horario de utilización da biblioteca cómodo para os nosos usuarios para que poda acceder o maior número de membros da comunidade escolar.
- ✎ Seguir coa actividade das "Mochilas viaxeiras" con material actualizado que versará sobre a temática deste curso.
- ✎ Revisarase o programa "**Hora de ler**" co alumnado de 1º e 2º ESO este curso. Fomentarase a lectura doutro xeito: lectura de fragmentos, contos na clase, textos de actualidade na rede, libros de lectura contemplados na programación das distintas materias. Haberá unha iniciativa especialmente programada no mes de abril co gallo da celebración do día do libro. Tamén se deixará unha caixa (1º ESO/2º ESO) con revistas antigas para que o alumnado as lea nas gardas ou en momentos de ler.
- ✎ Tendo en conta o éxito obtido, continuar convocando concursos (de fotografía, calendarios, marcapáxinas, de relatos, etc), expoñendo e publicando os traballos presentados.
- ✎ Manter contacto co Concello, asociacións, centros pedagóxicos, distintas ONGs, colectivos ambientais e de conservación do patrimonio, invitándoos a dar **charlas** ou expoñer o material do que dispoñan, e participando en iniciativas promovidas por eles.
- ✎ Estreitar os lazos coa ANPA , e axudarlles tanto para difusión das actividades que levan a cabo (concurso de tarxetas postais, de fotografía...) como no banco de préstamo de libros de texto.
- ✎ Axudar á difusión das publicacións e promover a lectura en lingua galega.
- ✎ Proporcionar información das actividades e ofertas doutras bibliotecas, como as municipais. Manter relacións e intercambios de ideas e libros con distintas Bibliotecas Escolares, revisando a miúdo o correo PLAMBE.
- ✎ Continuar catalogando e xestionando os novos recursos adquiridos a través do programa Meiga,o que contribúe á mellora da xestión, aforra tempo, aproveita a catalogación doutras bibliotecas e ofrece máis recursos e servizos.

- ✎ Actualizar os fondos cinematográficos a través da páxina web do centro.
- ✎ Apoiar as actividades que impliquen ao maior número de departamentos posibles. Promover iniciativas que relacionen os contidos dos currículos das materias.
- ✎ Acompañar na procura de información aos grupos de alumnos que o precisen, para que amplíen e contrasten os temas a través dos postos informáticos, dos documentos bibliográficos e audiovisuais dispoñibles na biblioteca, con espírito crítico e analítico.






2. Específicos deste curso:

- ✎ Crear un apartado no blog con efemérides sobre o mundo do cine.
- ✎ Fomentar actuacións que versen sobre o cine ou o teatro, coa colaboración dos departamentos do centro.
- ✎ Solicitar a participación no programa **Radio na biblio**, co fin de poder utilizar este recurso para actividades realizadas polos distintos departamentos que versen sobre a oralidade, o diálogo, o debate, a exposición ou a arte teatral e beneficiar ao noso centro e usuarios destas novas instalacións.
- ✎ Pasar os nosos fondos ao programa Koha (como nos indica a asesoría) durante o primeiro trimestre.
- ✎ Crear un espazo de distensión con mandalas para debuxar e/ou actividades de relaxación (música relaxante, zentangle ou incluso meditación) os venres para fomentar a calma e buscar a serenidade especialmente en épocas de examen ou de moito estrés.

3. Contidos:

En relación cos obxectivos expostos, propoñemos unha serie de contidos básicos e de liñas de traballo xerais, abertas e flexibles que fagan posible a adecuación destes contidos a unhas circunstancias concretas:

Bloque 1: A biblioteca

-  O seu contido. Organización dos fondos.
-  Localización e distribución dos recursos.
-  O persoal bibliotecario e as súas funcións.
-  Requisitos documentais para acceder a ela.
-  Os préstamos.



As suxestións.



A investigación e a procura de información na biblioteca.



Formación dun grupo de voluntarios "axudantes" da biblioteca.

Bloque 2: A lectura



Estratexias para o seu desenvolvemento.



Fomento da utilización da biblioteca como espazo de estudio.



Criterios de selección das lecturas.



Programa das "Mochilas viaxeiras".



Club de lectura.



Itinerarios de lecturas das distintas materias.



Utilización das "TIC" e os recursos audiovisuais como complemento ás lecturas.



A comprensión das mensaxes artísticas e hipertextuais.

Bloque 3: Efemérides relacionadas coa cultura e a sociedade



Conmemoracións de escritores.



Día das bibliotecas (24 de outubro).



Día contra a violencia de xénero (25 novembro)



Día dos dereitos humanos (10 de decembro)



Día da Paz (30 de xaneiro)



Día da muller (8 de marzo)



Día mundial da poesía (21 de marzo)



Semana do libro (23 de abril)



Semana das Letras Galegas (17 de maio).



Día mundial do Medio Ambiente (5 de xuño)



Día mundial dos Océanos (8 xuño)



Datas especiais como o día dos Namorados, Samaín, entroido.

Bloque 4: Tema de traballo

É un tema escollido cada ano para traballar actividades relacionadas , adquirir novos fondos e divulgalos entre os integrantes da comunidade educativa.

Como cada curso, a biblioteca sempre quere ser o motor de propostas para vincular as diferentes áreas do centro para traballar co alumnado. O curso 2023/2024 dedicámolo a "**Navegando pola Historia**", promovendo o traballo sobre o pasado nas diferentes materias e áreas do instituto para coñecer os procesos e acontecementos que forxaron a nosa sociedade, e poder coñecer mellor o noso presente e construír un futuro mellor.

Este curso 2024/25 queremos adicalo ao cine co lema "**Isto está de cine**" para traballar o impacto do cine na nosa sociedade e na nosa vida, fomentando o diálogo e o debate sobre o mundo cinematográfico e descubrindo grandes momentos da historia do cine para que a comunidade educativa acolla esta idea desde un novo ángulo e abra novas perspectivas.

A asesoría de Bibliotecas

Bloque 5 : As nosas publicacións



Actualización do Blog da nosa biblioteca <http://bibliotecash.blogspot.com/> coas actividades que imos realizando ao longo do curso e que contén moitas seccións interesantes coas nosas publicacións ou enlaces a páxinas de interese. En **información**, actualizamos o horario da biblioteca do curso vixente.



Recursos: <https://recursosaturninohermida.blogspot.com/> onde publicamos anualmente trípticos ou folletos que proporcionan ferramentas ao usuario sobre unha temática.



Servizos en liña: <http://bibliotecash.blogspot.com/p/servizos-en-lina.html> onde se poden atopar alta de novo usuario, solicitude de fondos, enquisa do alumnado, enquisa de hábitos lectores.



Recuncho das familias: <https://recunchospais.blogspot.com/> onde as familias poden atopar artigos de interese sobre a educación, consellos sobre entender a adolescencia...



Club de Lectura: <https://leratodofilispin.blogspot.com/> , blog que amosa as actividades e anuncia as reunións do club de lectura.



Novidades: <https://novidadesbsh.blogspot.com/> que contén boletíns mensuais das nosas novidades.



Xoga na Biblio: <http://bibliotecash.blogspot.com/p/xoga-na-biblio.html> , páxina que creamos o curso pasado para informar aos usuarios dos xogos que están dispoñible na Biblioteca, previo apuntamento.



Recomendacións en feminino:

<https://asnosarecomendacionsbibliotecash.blogspot.com/> , onde presentamos diapositivas sobre mulleres relevantes na sociedade actual e pasada.



Do papel á pantalla: <https://dopapelapantalla.blogspot.com/> onde creamos diapositivas de libros que saltaron á pantalla.



Voluntariado: <http://bibliotecash.blogspot.com/p/voluntariado-2020.html> , páxina que creamos no 2020, e dende entón imos actualizando cos voluntarios de cada curso.



Alfabetización dixital: <https://bibliotecashalfabetizaciøndixital.blogspot.com/> onde pretendemos axudar ao alumnado con publicacións sobre internet, a seguridade e outras temáticas dixitais.



O noso catálogo

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED060>

onde se pode consultar os nosos fondos e a súa dispoñibilidade



O noso cine: <https://sites.google.com/site/2013audiovisual/a>, actualización permanente das películas que adquirimos.



Seccións varias de Pinterest sobre:

- Mulleres <https://www.pinterest.es/bibliosaturmino/mulleres/>
- Inclusión <https://www.pinterest.es/bibliosaturmino/inclusi%C3%B3n/>
- Os nosos cómics <https://www.pinterest.es/bibliosaturmino/os-nosos-c%C3%B3mics/>
- Lendo noutras linguas <https://www.pinterest.es/bibliosaturmino/linguas-estranxeiras/>
- Lendo Ciencia:
 - <https://sites.google.com/site/lecturasdematematicas/>
 - <https://sites.google.com/site/bioxeofiqui/>



Publicacións de actualidade en diversas redes sociais:

- Twitter @BibliotecaSatu1
- Instagram: bibliotecash



Outras informacións de interese como recomendacións literarias, aniversarios, actividades, etc.

Bloque 6: Relacións



Contactos cos pais: recomendacións lectoras, actualización do "recuncho das familias" (espazo do blog creado para informar aos pais sobre diversas temáticas), colaboración en actividades. Colaboración coa ANPA do instituto.



Contactos con outras bibliotecas, en especial coa Biblioteca Municipal e coa Escola de idiomas.



Participación nas reunións e cursos do Plambe.



Relacións con ONG , Asociacións Culturais e outras entidades de índole educativo.

O desenvolvemento destes contidos realizarase mediante unha serie de actividades que se prolongarán ao longo do curso.

Bloque 7: Voluntariado



Creación dun grupo de voluntariado (de primeiro ciclo da ESO) como cada curso para fortalecer o vínculo e involucrar ao noso alumnado no coidado e traballo realizado na Biblioteca



Participación dos voluntari@s nas tarefas de colocación de fondos, en actividades levadas a cabo pola Biblioteca así como en divulgación entre o alumnado das novidades que se realicen neste espazo.

4. Actividades

Durante o presente curso levaranse a cabo as seguintes actividades repartidas por trimestres:

A. ACTUACIÓNS XERAIS DA BIBLIOTECA (inicio de curso):



Organización e celebración a comezos de curso (setembro/ outubro) das **xornadas de información e de formación documental sobre a biblioteca** e de usuarios cos titores e alumnos/as de 1º ESO.



Co gallo da incorporación habitual dunha porcentaxe importante de novo alumnado en 1º Bacharelato enviarase **circular** para que os titores os informen dos servizos da biblioteca.



Organización do **Club de lectura**. Este curso, convocaremos ao alumnado de 1º , 2º e 3º de ESO para formar un grupo de lectura de "pequenos" lectores, e ao alumnado de 4º ESO, 1º e 2º BACH para un grupo de lectura máis maiores.



Creación e formación dun **grupo de VOLUNTARIOS** de biblioteca no 1º ciclo de ESO que colaborarán no correcto uso da biblioteca, nas actividades e na disposición dos fondos de biblioteca. Este curso, tamén volverán a participar activamente na colocación e ubicación de libros e na supervisión dos xogos manipulativos así como de xadrez, así como a divulgación de actuacións que se realicen na Biblioteca.



Campaña de animación á lectura "**ler ten premio**". O/a alumno/a mais lector/a recibirá un premio e un diploma ao final de curso.



Nas reunións de principio de curso da Comisión de Coordinación pedagóxica informárase aos Xefes de Departamento das actividades propostas pola biblioteca e ofrecerase a colaboración da mesma nas actividades en que eles estean interesados. Tamén se lles pedirá actualización das lecturas obrigatorias ou recomendadas para ter dispoñibilidade deses fondos para o alumnado na CCP a comezos de curso.



Organización de **visitas á biblioteca para o profesorado de nova incorporación** nos recreos.



Información sobre os recursos da biblioteca municipal e fomento do seu uso como servizo gratuito en beneficio do alumno. As visitas canceláronse durante a pandemia pero se fose posible reanúdalas, realizaríanse previa reserva durante o trimestre.



Promulgación da actividade das "**Mochilas viaxeiras**" que rotarán cada 15 días entre o alumnado que participe.



Colaboración co grupo de teatro do centro (se hai esta actividade)



Animación á lectura en 1º de ESO/2º de ESO a partir do mes de outubro ata maio e respectando períodos de exámenes. Fomentárase a lectura en voz alta desde as distintas materias durante a clase e sempre apoiando o uso dos libros nos recreos ou na casa. Cada departamento recomendará unhas lecturas obrigatorias ou complementarias que incluírá na súa programación e que serán actualizadas no plan lector.



Procuraremos establecer cos distintos departamentos unha colaboración para fomentar **o uso das novas tecnoloxías** pensando en crear contido dixital que versará sobre o **mundo do cine**.

B. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE BIBLIOTECA E COLABORACIÓN:

PRIMEIRO TRIMESTRE:



Seguiremos a ter a disposición do usuario xel hidroalcolico na entrada e realizaremos a ventilación do espazo despois dos recreos.



Presentación aos distintos departamentos da temática deste ano "**Isto está de cine**", traballando a evolución do cine e coñecendo grandes estrelas do pasado así como actuais. Pretendemos que se traballe dende as aulas e diferentes materias, personaxes famosas que se levaron ao cine, grandes actores/actrices así como recoñecidos/as directores/as dos nosos tempos ou doutros.



Programación de actividades ao longo do curso que traballen **O TEATRO**, posto que é a proposta de Bibliotecas Escolares para este curso. Organizaremos coa colaboración dos diferentes departamentos actividades relacionadas co teatro para traballar grandes dramaturgos e as súas obras, así como co grupo de teatro do centro se hai posibilidade de crealo.



Solicitud de participación no programa "RADIO NA BIBLIO" co fin de utilizar este recurso dentro das materias que fomenten a oralidade.



Elaboración dunha sección adicada a novas ou efemérides sobre o cine.



Creación de infografías e cartéis que versen sobre temáticas do cine. Publicación no blog.



Actualización do noso blog <http://bibliotecash.blogspot.com/>, realizando melloras nas seccións creadas o curso anterior (recomendacións en feminino, novidades, alfabetización dixital, información ás familias)



Creación de **novas entradas no blog** da biblioteca:

- Creación dun apartado que versará sobre o mundo do cine
- Creación de novas enquisas sobre as actividades que se realicen na biblioteca.



Actualizar contidos nas contas en **twitter** así como en **instagram** que de máis publicidade e permita informar de xeito máis rápido ao noso alumnado.



Presentación da biblioteca ao novo alumnado así como ao profesorado de nova incorporación nas primeiras semanas do curso. Procuraremos organizalas en horas de titorías. Farase unha presentación informando do funcionamento da Biblioteca e dos diversos recursos na web e no blog.



Celebración do Día da Biblioteca (24 de outubro).



Preparación de caixas con revistas antigas da biblioteca que permanecerán na aula e que se renovarán trimestralmente.



Exposicións de libros dedicadas a autores ou temáticas que celebren algunha efeméride no trimestre ou publicacións no blog.



Exposición temática no vestíbulo sobre **"ISTO ESTÁ DE CINE"** dedicando o espazo a diferentes facetas do mundo cinematográfico.



A celebración do Samaín: O alumnado axudante poderá decorar a biblioteca para marcar a festividade. Poderase organizar algunha exposición de debuxos de personaxes de terror para incentivar a participación do alumnado e a súa creatividade. Asemade tratarase de organizar algunha actividade en relación a esta celebración.



Actividades do 25 de novembro contra a violencia de xénero. En colaboración cos departamentos organizarase algunha actuación que denuncie e visualice este grave problema que nos implica a tod@s.



Realización dun obradoiro (se é posible) de xestión emocional e do estrés para primeiro ciclo da ESO coa colaboración de dirección, orientación e ANPA.



Día dos dereitos humanos (10 decembro): organizaremos algunha iniciativa para dar visión a certos acontecementos mundiais que están a suceder e que non están a respetar os dereitos humanos, fomentando o espírito crítico do noso alumnado.



Concurso de deseño de marcapáxinas 2024: Entrega de premios para o gañador/a da ESO e para o gañador/a de bacharelato en colaboración coa ANPA. Os traballos dos participantes quedará exposto no panel da biblioteca así como de forma virtual...



Elaboración e difusión das suxestións de lecturas polo Nadal.



Concurso de tarxetas de nadal (coa colaboración dos departamentos de linguas) que quedarán expostas na biblioteca na árbore de Nadal que prepararán os voluntarios.

SEGUNDO TRIMESTRE:



Exposición durante o trimestre de creacións (debuxos/ pinturas) feitas polo alumnado de artes sobre emblemas de **PAZ**.



Realización dalgunha **actividade relacionada co Acoso escolar e a violencia na escola en colaboración co departamento de orientación.**



Fomento da creatividade: Creación do apartado **Libros gratuitos:** o curso pasado creamos un acceso á plataforma de Lectura Dixital para Bibliotecas Escolares (E-LBE.2) pero queremos ampliar esta sección dedicando un espazo no blog para dar acceso a libros gratuitos na rede. (igualdade de oportunidades).



Actualización no blog da **páxina dedicada á alfabetización dixital** para axudar aos nosos usuarios a solventar dificultades propias de educación a distancia.



Este ano, a finais de trimestre, organizaremos **o día do Xogo**.



Día da Paz: canción pola Paz, actividades relacionadas coa celebración (mural, mensaxes).



Organización dalgún **obradoiro/charla en colaboración con Amnistía Internacional**, se é posible. Realizarase en quendas por niveis.



Recollida de suxestións do claustro, do alumnado e das familias.



Actualización con novas entradas ao noso blog e redes sociais.



Colaboración con Vicedirección para axudar a organizar algunha actividade na que a biblioteca poida participar: Nadal e Entroido (exemplo: photocall)



Celebración dunha sesión especial por San Valentín. Para fomentar a escritura, trataremos de organizar algunha actividade creativa.



Conmemoración do día de Rosalía de Castro (24 de febreiro) en colaboración co departamento de lingua/ normalización lingüística.



Participación nas reunións e traballos en común que xurdan coas bibliotecas da zona de Ferrolterra.



Celebración de efemérides de personaxes célebres ou feitos relevantes.



Celebración do "Día da Muller" con algunhas actividades por concretar coa colaboración de diversos departamentos: creación dunha mochila violeta virtual especialmente deseñada para o mes de marzo, e outras actuacións por definir



Día mundial da poesía (21 de marzo): publicación na rede de poemas famosos.



Organización dun ciclo de cine (se é posible) coa colaboración dos departamentos.



Actualización da sección de cine que creamos, así como publicidade sobre as películas que temos na Biblioteca.



Organización de obradoiros diversos (xardinería, linguaxe de signos, relaxación) coa colaboración de varios departamentos.

TERCEIRO TRIMESTRE:



Creación dun **tríptico con películas con valores** que estén dispoñibles na Biblioteca, que axude ás familias, que traballe valores humanos, sociais, educativos ou espirituais e así, xerar un impacto positivo na nosa rapazada.



Creación dun cartel coas revistas que recibe a Biblioteca.



Semana do "Día do Libro": actuacións diversas con respecto ao libro (actividade ALFIN, concurso foto-libro, obradoiro de escritura creativa,...)



Creación de rincóns literarios polo instituto onde queden expostos traballos de alumnos/as que versen sobre a literatura.



Creación na biblioteca dun espazo que se chamará **MUDALIBRO** para intercambiar libros de segunda man.



Creación de **Rincóns Literarios** no instituto.



Organización dun obradoiro de xardinaría en colaboración con algún profesor/a colaborador/a, así como un obradoiro de linguaxe de signos que se iniciou en cursos pasados.



Celebración de efemérides de personaxes célebres ou feitos relevantes.



Celebración do "**Día das Letras Galegas**": durante toda a semana, organizaranse actividades relacionadas coa data. Neste curso, a homenaxeada é Luisa Villalta, escritora dos nosos tempos.



Realización dunha **actividade para as familias entorno á educación** dos seus fillos e os problemas vinculados á adolescencia. A biblioteca segue a traballar a través de materiais, do blog e da Anpa para ser un apoio e un eixe para as familias.



Despedida cun pequeno agasallo do grupo de voluntarios así como do club de lectura.



Recopilación de indicadores estatísticos, de documentación fotográfica das diversas actividades, e realización de enquisas sobre as actividades da biblioteca. Elaboración da memoria e das liñas prioritarias para o vindeiro curso.

Ademais deste programa de actividades, realizaranse ENCONTROS con AUTORES programados desde os distintos departamentos, LECTURAS COMPARTIDAS ou exposición de TRABALLOS realizado polo noso alumnado.

- Elaboraremos **materiais que versen sobre a temática elixida: "Isto está de cine"** que sirvan como apoio ás distintas áreas curriculares e axuden ao fomento da

lectura. Aquí incluiremos creación de carteis ou infografías temáticas sobre os diferentes xéneros de películas. Tamén traballos ou exposición que realice o noso alumnado en colaboración cos departamentos.

- Creación dun **tempo de relax**: un recreo á semana habilitaremos unha zona relax onde os alumnos/as visualizarán vídeos e escoitarán música para a relaxación, buscando o benestar do alumnado, probablemente serán os VENRES DE RELAX.

5. Organización

A biblioteca conta cun espazo amplo situado na planta baixa do Centro. Está provista de doce mesas con capacidade para cen alumnos/as aproximadamente; de armarios nos que están distribuídos os volumes segundo as materias seguindo a Clasificación Decimal Universal (CDU).

Podemos distinguir as seguintes partes: a sala de estudo e consulta, o punto de información e préstamos, hemeroteca, os recunchos de lectura informal e de consulta da prensa e revistas, o espazo dos ordenadores con acceso a Internet que prestan servizo de consulta para a comunidade escolar, o espazo de reprodutores de música e vídeo, a zona onde se expoñen as novas adquisicións da biblioteca e a parte dedicada á lectura.

Contamos cunha mesa á entrada para pequenas exposicións e unha zona de novidades, así como con andeis expositores de Album ilustrado.

Os recursos materiais que forman parte da colección da Biblioteca son os seguintes:

- ✍ Obras de referencia e/ou consulta: dicionarios, enciclopedias, anuarios, atlas,... en diversos formatos (papel, CD-Rom) organizados por materias.
- ✍ Fondo de lectura: obras literarias agrupadas por xéneros (narrativa, poesía, teatro) están ordenadas alfabeticamente polo primeiro apelido do autor.
- ✍ Colección: organizada por materia segundo a CDU
- ✍ Hemeroteca: publicacións periódicas, prensa diaria, publicacións de institucións de nosa cidade, revistas escolares.
- ✍ Mediateca e filмотeca: vídeos, CD, diapositivas, fotografías, transparencias, DVD, CD-ROM, etc.
- ✍ Andeis circulares feitos a medida de banda deseñada.
- ✍ Medios informáticos con enlaces a dicionarios, enciclopedias, atlas, prensa, base de datos de la propia biblioteca (OPAC), recursos electrónicos externos a la biblioteca accesibles a través de internet.

É importante comentar que este curso está previsto a migración de programa para a catalogación de fondos que se realizará este primeiro trimestre. Pasaremos a pertencer á rede KOHA, como novo sistema de xestión da Biblioteca.

Os fondos proceden basicamente das adquisicións realizadas polo Centro con recursos económicos propios ou subvencionados, xa que formamos parte da rede de Centros que están acollidos ao PLAMBE, e de dotacións.

A política de adquisición de publicacións realízase en función das propias necesidades da Biblioteca, dos Departamentos didácticos e do alumnado. Os departamentos propoñerán os títulos a adquirir atendendo fundamentalmente ás necesidades do alumnado. Os alumnos poderán igualmente propoñer adquisicións, cumprimentando as "desideratas" que estarán dispoñibles na entrada da biblioteca, ao igual que o resto dos membros da comunidade educativa.

Practícase todos os anos unha labor de expurgo para gañar espazo e eliminar exemplares moi gastados ou obsoletos.

A biblioteca posúe un pequeno "banco/depósito de libros de texto", proporcionado polos departamentos, que poden utilizar os alumnos que o necesiten.

6. Avaliación

Ao rematar o curso académico pediráselles aos usuarios (alumnado e profesorado) que cumprimenten o cuestionario en liña que estará a disposición deles no noso blog no que se preguntará acerca dos distintos aspectos relacionados co funcionamento da biblioteca e a súa utilidade na comunidade escolar.

Estudarase estatisticamente se varía o número de préstamos e de alumnos que frecuentan a biblioteca, así como de participantes nunha actividade.

Realizarase unha avaliación do diario da mochila viaxeira, e do cuestionario no que participan as familias.

O equipo da biblioteca recollerá nunha memoria final os logros dos obxectivos recollidos nesta programación durante este curso e tamén propoñerá suxestións e cambios cara o curso seguinte.

7. Responsable, grupo de apoio e horario

A profesora designada como responsable da biblioteca é **Alicia del Río López** (departamento de francés , 2 horas de dedicación). Ademais da coordinadora, está previsto que compoñan o equipo:

- **Isabel Yáñez Picallo:** colaboradora na xestión e compras da biblioteca, así como na atención para préstamos e devolucións. Conta con formación en documentación e biblioteconomía.

- **Jennifer Boquete** (departamento de francés – responsable do club de lectura – 1 hora de dedicación)
- **Ana I. Vizoso**, (departamento de Linguas Clásicas) con disponibilidad horaria.
- **Rocío Pérez Porto** (vicedirectora/ departamento de ciclos formativos de química) con disponibilidad horaria.
- **Colaboradores da Biblioteca: Elvira Roiz Mesías e María do Mar López González** (departamento de Lingua Galega), **M^a Dolores Vizoso Sanclaudio** (departamento de Biología), **María Varela Garea** (departamento de Matemáticas), **Francisco Souto Martínez** (departamento de debuxo). Todos/as con disponibilidad horaria.

Case tod@s os membros do equipo teñen destino definitivo no centro e algúns levan moitos anos colaborando directa ou indirectamente coa Biblioteca.

Ademáis moitos son os departamentos que colaboran de forma puntual coa Biblioteca. Agradecemos a tod@s, tanto aos colaboradores permanentes como aos que o fan de maneira puntual a súa labor e participación na Biblioteca.

A hora de reunión do equipo non está fixada, xa que este curso e debido á complexidade dos horarios non coincidimos sempre aínda que algúns sí temos disponibilidad nas mesmas horas, sen embargo usaremos outros métodos (email e whatsapp principalmente) ou algún oco nos recreos para coordinar actividades.

Horario do equipo:

	luns	martes	mércoles	xoves	venres
10:30/11:20				ALICIA DEL RÍO (G.BIB) – ROCÍO PÉREZ*	JENNIFER BOQUETE (C.L)
11:20/12:10	ALICIA DEL RÍO*	QUICO SOUTO*	MAR LÓPEZ* DOLORES VIZOSO*		
12:30/13:20		MARÍA VARELA*		ALICIA DEL RÍO (G.BIB.)	ANA VIZOSO (G.BIB)

*** con disponibilidad horaria. Estes profesores/as están libres á hora indicada pero a súa colaboración é flexible e poden participar noutro momento da semana (recreos, horas con alumnado)**

A biblioteca permanecerá aberta **de luns a venres** en **horario de mañá de 10:00 a 13:30** e cubrimos o horario das tardes co seguinte horario:

	MAÑA	TARDE
LUNS	10:00 A 13:30	*
MARTES		17:00 - 20:00
MÉRCORES		*
XOVES		*
VENRES		*

*As tardes quedan pendentes de organizar según disponibilidad do profesorado de garda do nocturno. O horario definitivo publicárase no blog da biblioteca.

En Ferrol, a 22 de setembro 2024

Firmado pola coordinadora de dinamización da Biblioteca,

Alicia del Río López